

BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DA “GALA DO DEPORTE DE MARÍN 2015” a celebrarse no Salón de Plenos do Concello de Marín.

Tratando de resaltar e valorar á labours deportiva das nosas persoas, organismos, institucións públicas e entidades privadas que de algún xeito contribuíron de forma notoria a engrandecer e ampliar a práctica deportiva da nosa localidade, celébrase esta Gala do Deporte de Marín 2015.

A Gala do Deporte de Marín reúne edición tras edición ás persoas e institucións do deporte da nosa vila en torno a un día de festa. Por elo convócanse estes premios entre os deportistas e persoas relacionadas co mundo do deporte de Marín cunha traxectoria deportiva relevante, tratando de resaltar a labours deportiva e o traballo realizado de todos os que de algún xeito fan do deporte o centro das súas vidas.

DOCE son os premios ós que poden optar as persoas físicas, clubs deportivos e entidades do municipio que cumpran cos requisitos establecidos para cada un de eles.

As candidaturas para optar ós premios poderán ser presentadas por calqueira entidade deportiva local, clube ou asociación, así como a proposta do xurado.

Esta convocatoria é realizada pola Delegación de Deportes do Concello de Marín e valoraranse os méritos acontecidos durante o ano deportivo 2015.

BASES DA CONVOCATORIA

ARTIGO 1- OBXETO

O obxectivo principal deste acto é recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación, a entrega e en definitiva os valores que o deporte comporta, así como que sirvan de reflexo para incentivar ós mais pequenos e á poboación en xeral para a práctica do deporte.

O obxectivo da presente convocatoria é a concesión dos premios deportivos que se outorgarán na “Gala do Deporte de Marín”. Os premios son os seguintes:

PREMIOS MELLOR DEPORTISTA MASCULINO/FEMENINO

PREMIOS MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO/FEMENINO

PREMIO MELLOR DEPORTISTA VETERANO/A

PREMIO MELLOR ADESTRADOR/A OU TÉCNICO/A

PREMIO MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA

PREMIO MELLOR CENTRO EDUCATIVO

PREMIO Á MELLOR ESCOLA DEPORTIVA

PREMIO Ó PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE

PREMIO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA

PREMIO Ó MELLOR EVENTO DO ANO

ARTIGO 2.- CANDIDATOS/AS

2.1 Premio CONCELLO DE MARÍN AO MELLOR DEPORTISTA MASCULINO e FEMININO

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todos aqueles deportistas do noso municipio (naturais, empadroados, vinculados ou que vivan habitualmente en Marín) e que practiquen a súa disciplina deportiva en Marín ou noutras localidades.

Poderán concorrer á presente convocatoria aqueles/as deportistas que a título individual destacaran polo seus logros, éxitos, triunfos deportivos ou por méritos que o xurado considere que lle fan acredor do galardón.

Nesta categoría concorrerán deportistas maiores de 18 anos ou participantes en categoría sénior.

2.2 Premio MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO e FEMININO

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todos aqueles deportistas do noso municipio (naturais, empadroados, vinculados ou que vivan habitualmente en Marín) e que practiquen a súa disciplina deportiva en Marín ou noutras localidades.

Poderán concorrer á presente convocatoria aqueles/as deportistas que a título individual destacaran polo seus logros, éxitos, triunfos deportivos ou por méritos que o xurado considere que lle fan acredor do galardón.

Nesta categoría concorrerán deportistas menores de 18 anos ou participantes en categoría inferior á sénior.

2.3 Premio MELLOR DEPORTISTA VETERANO/A

Nesta categoría valorarase de forma conxunta as categorías masculinas e femininas. Serán candidatos todos os deportistas en activo que leven a cabo a súa actividade en clubs legalmente constituídos no municipio e que competiran durante o ano 2014. Tamén, aqueles deportistas marinenses que compitan en clubs doutras localidades.

Nesta categoría, o deportista deberá de militar na categoría de veteranos da súa respectiva modalidade deportiva.

2.4 Premio MELLOR ADESTRADOR/A OU TÉCNICO/A

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todos/as aqueles/as adestradores/as ou técnicos/as do noso municipio (naturais, empadroados, vinculados ou que vivan habitualmente en Marín) e que practiquen a súa disciplina deportiva en Marín ou noutras localidades.

2.5 Premio MELLOR CLUBE OU ENTIDADE DEPORTIVA

Nesta categoría valoraranse a aqueles CLUBES OU ENTIDADES DEPORTIVAS que cumpran as seguintes condicións:

- a) Que desenrolen a súa laboursa deportiva no municipio e que estean legalmente constituídos e inscritos no Rexistro de Entidades do Concello de Marín
- b) Que realizen laboursas de competición, promoción ou divulgación deportiva.

- c) Que destacaran no 2015 non só polos seus méritos deportivos, senón tamén polas súas capacidades e dotes organizativas de eventos.

2.6 Premio MELLOR CENTRO EDUCATIVO

Nesta categoría valoraranse a aqueles centros educativos do Concello de Marín que se destacaran pola súa especial contribución a tarefas de promoción e fomento do deporte entre os escolares.

2.6 Premio MELLOR ESCOLA DEPORTIVA

Nesta categoría valoraranse a aquelas entidades deportivas organizadoras de Escolas Deportivas Municipais que fixeran labores de formación, divulgación e promoción deportiva, ademais de conseguir unha progresión e evolución entre os seus deportistas.

2.7 Premio ó PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE

Nesta categoría valoraranse a aquelas entidades privadas que estean legalmente constituídas e domiciliadas en Marín, que poidan ser destacables polo seu apoio e colaboración co deporte local, así como pola organización de eventos deportivos.

2.8 Premio á TRAXECTORIA DEPORTIVA

Nesta categoría valorarase a aquel/a deportista de Marín que pola súa entrega, dedicación e exemplaridade da súa traxectoria deportiva realzaran o deporte marinense ou ó noso municipio mais alá do mesmo.

2.9 Premio ó MELLOR EVENTO DO ANO

Nesta categoría valorarase aquel evento organizado no noso municipio organizado ou non por entidades deportivas do mesmo, que realizara ó deporte marinense ou ó noso municipio mais alá do mesmo.

ARTIGO 3.- MENCIÓNS ESPECIAIS

O xurado pode outorgar mencións especiais para unha persoa ou entidade que aínda non sendo deportistas, estea ou estivese relacionado co mundo do deporte de Marín, nalgún clube ou que sempre promociione ou promocionase Marín por medio do deporte.

ARTIGO 4.- CANDIDATURAS

Calquera clube, cidadán, institución ou asociación, poderán asimesmo propoñer a unha ou varias persoas para que sexa recoñecida a súa labor, sexa pola súa traxectoria deportiva, directiva, ou polo seu apoio ó deporte en xeral desde calquera ámbito de actuación, sempre que cumpra as condicións establecidas nas Bases desta convocatoria e que reúnan os méritos ou requisitos suficientes para concorrer ó premio.

Asimesmo, o xurado poderá propoñer candidatos en cada unha das categorías descritas nas presentes Bases, así como crear novas categorías ou mencións.

ARTIGO 5.- XURADO

O xurado encargarase da selección dos gañadores das distintas categorías en base as propostas recibidas e estará composto por:

Presidente: La Sra. Alcaldesa do Concello de Marín ou Concelleiro en quen delegue, con voz e voto de calidade.

Secretario: Un/Unha funcionario/a do Concello de Marín. (Sen voz nin voto)

Membros:

- Periodistas deportivos de cada un dos medios de comunicación que cubran o deporte do municipio (máx. 6), con voz e voto.
- Participantes en xurados de convocatorias pasadas (máx. 3)

A decisión do xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto un Premio se as persoas ou entidades propostas, non alcanzasen, ó seu xuízo, o nivel deportivo suficiente.

ARTIGO 6.- CALENDARIO

Fase de recepción de candidaturas: Dende o 14 de decembro do 2015 ata o 15 de xaneiro do 2016, presentadas polo Rexistro Municipal do Concello ou a través do correo electrónico deporte@concellodemarin.es

Fase de reunión do xurado: O 19 de xaneiro ás 13:00 no Concello de Marín.

Fase de publicación dos premiados: O 20 de xaneiro no Taboleiro de Anuncios do Concello de Marín.

Celebración da Gala do Deporte: O 29 de xaneiro no Salón de Plenos do Concello de Marín.

En Marín a 20 de novembro de 2015

Antonio Traba Miñones

Concelleiro Delegado Deporte e Xuventude

Concello de Marín.-